

1. Líder

BASKET



CADETE 1º MASCULINO

Estudiantes 55 64 ENSINO LUS

PREINFANTIL MASCULINO

Estudiantes 54 62

PREINFANTIL FEMININO

Estudiantes 61 60

MINIBASKET 1º MASCULINO

Maristas 131 86 RIBADEO

MINIBASKET 1º FEMININO

Estudiantes 65 14 ENSINO LUS

A ALEGRÍA FOI POR BARRIOS

Nunha xornada marcada polos derbis provinciais nas Ligas Galegas, Estudiantes saíu airoso en Preinfantil masculino e Minibasket feminino, Maristas fíxose coa vitoria en Minibasket masculino, Celtas de Foz en Preinfantil masculino e Ensino na categoría cadete masculina

Os picos altos defensivos foron suficientes nesta ocasión

ENSINO IMPÚXOSE CUN BO PRIMEIRO E ÚLTIMO CUARTO A NIVEL DEFENSIVO, pero continúa na procura da regularidade, algo que será imprescindible ante Obradoiro Peleteiro na próxima xornada



Sergio a piques de lanzar baixo o aro no Anexo

B. FERROL		ENSINO	
66		85	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Vidal		Eloy	10
Gómez		Mario	5
Gil		Samuel	0
Sánchez		Anton Real	0
Veiga		Cristian	13
Hermo		Hugo Rey	16
Chao		Sergio	6
Rey		Jorge	11
Aquirre		Oloqui	19
Souto		Dani Lopez	3
Porta		Seny	2
Estévez			

Ensino volveu á senda da vitoria tamén a domicilio na Liga Galega Júnior masculina. Unha vitoria ante Basket Ferrol que se fraguou no primeiro e último parcial, onde os de Adrián González estiveron máis intensos en defensa, pecharon o rebote e anotaron con fluidez.

Nesta ocasión dous cuartos foron suficientes para impoñerse, pero os lucenses continúan en busca da regularidade ao

"UNA VICTORIA FUERA SIEMPRE ES DIFICIL, AHORA NOS TOCA EL COCO" ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

longo dos corenta minutos, algo ao que terán que aproximarse a próxima xornada para competir e loitar pola vitoria ante Obradoiro Peleteiro. O actual campión de Liga visita o Anexo na oitava xornada e chega con pleno de vitorias nas seis que disputou, sendo o principal aspirante ao título de Liga.

Unha proba de alturas para un Ensino que se presentou en Ferrol coas ideas claras, e plasmounas desde o primeiro ao último minuto do cuarto inicial. Os lucenses, a partir dunha boa defensa, pecharon ben o rebote e atoparon vías para anotar con fluidez ata tomar o mando do partido e do marcador cun primeiro

parcial de 16-35.

A relaxación chegou no segundo acto, con carga de faltas persoais desde os primeiros minutos que evitaron que Ensino puidese volver ter ritmo de xogo. Ferrol, conseguiu competir mellor e ata se impuxo no segundo parcial, 12-11 para chegar ao descanso con 28-46.

Os locais creron e a posta en escena da segunda parte chegou a poñer en dúbida a vitoria de Ensino, que co paso dos minutos puxo fin ao amago de remontada local salvando os mobles cun parcial de 23-14 que aínda deixaba algunha esperanza para os locais.

Ensino soubo atacar a zona de Ferrol no último parcial, pero sobre todo

+29

PRIMEIRO E ÚLTIMO CUARTO nos que Ensino puxo terra de por medio no marcador. O parcial do segundo e terceiro cuarto foi de -10

6

VICTORIAS de Obradoiro Peleteiro nas seis xornadas que disputaron os composteláns esta tempada. O actual campión de Liga chega invicto á próxima xornada no Anexo

conseguiu subir o listón defensivo cando máis se necesitaba para asinar un último parcial de 15-25 co que selou unha nova vitoria antes de recibir ao todopoderoso Obradoiro Peleteiro.

O Ensino fixo méritos para impoñerse con máis diferenza no marcador

BAIXOS PORCENTAXES DE ACERTO NO TIRO, salvo por parte de Eva Pardo, pero gran nivel defensivo en Vilagarcía



As xogadoras do Ensino facendo piña tras un partido

CORTEGADA		ENSINO	
52		68	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Ríos		Maitte	11
Fernández		Carmen	7
Deangelis		Alba	10
Bianco		Matea	11
Potel		Natalia G.	11
Barcala		Laura	1
Fernández		Elena	1
Serqueira		Paula	2
Chaves		Eva	15
Navarro			
Renda			

dirixe Miguel López tomou o mando do partido nos primeiros dez minutos cun parcial de 10-23 que ata semellaba curto para a superioridade das lucenses sobre a pista, pero os fallos en canastras cómodas evitaron que a diferenza fose máis ampla, xa que en defensa Ensino estivo moi firme.

As baixas porcentaxes nos tiros libres propiciaron que o segundo parcial fose máis axustado, 13-19, pero ao descanso Ensino che-

"HEMOS HECHO UN BUEN TRABAJO EN DEFENSA PERO EN EL ASPECTO OFENSIVO NOS HA FALTADO TENSION A LA HORA DE FINALIZAR"

MIGUEL LÓPEZ - Ensino

gou con máis sensación de superioridade do que indicaba o 23-42 que reflectía o marcador.

O conxunto local intentou meterse no partido con variantes defensivas que Ensino foi asimilando co paso dos minutos, 14-16 no terceiro parcial para sentenciar o encontro antes dos últimos dez minutos.

15

PUNTOS EVA PARDO

A xogadora cadete, ademais de asinar un impecable porcentaxe de acerto no tiro, foi a mellor xogadora do encontro aportando en todas as facetas do xogo

A contracorrente dende o inicio

ESTUDIANTES acusou a posta en escena en Ourense ante Bosco

BOSCO		ESTUDIANTES	
57		49	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Lorenzo		Eva	
González		Maria	
Alonso		Sabela	
Alvarez		Yashina	
Rapela		Marta	
Pérez N.		Silvia	
Pérez A.		Claudia	
Sotelo		Cristina	
Salgado		Nuria	
Carnero		Laura	
Díaz		Clara	

"CON GANAS DE PONERNOS A TRABAJAR PARA DARNOS CUENTA DE QUE A BASE DE ESFUERZO PODEMOS COMPETIR ANTE CUALQUIER EQUIPO DE ESTA LIGA" FERNÁN VARELA - Estudiantes Leyma



Yashina a piques de lanzar a canastra ante Bosco

Estudiantes sufriu unha inesperada derrota, pero que valerá de moito para o que resta de tempada. As celestes acusaron a discreta posta en escena que tiveron en Ourense ante un Bosco máis intenso nos primeiros minutos e que tomou o mando no marcador cun parcial inicial de 19-14. Unha renda pequena pero que obrigou ás lucenses a remar contracorrente, mentres que encheu de moral o depósito de confianza das locais.

Prévase un partido duro e estivo á altura das expectativas Bosco empezou con acerto no tiro e dominando os un para un para tomar as primeiras vantaxes no

marcador. Estudiantes reaccionou no segundo parcial para chegar ao descanso cun punto de vantaxe, 30-31 pero coa sensación de ir a remolque.

Ao comezo da segunda parte Bosco volveu xogar un bo baloncesto, levando o partido ao seu terreo ante un Estudiantes que non estaba cómodo, pero en canto a loita e entrega estivo

unha vez máis á altura. Os catro puntos de renda cos que chegaron as locais a ao último parcial volvíu obrigar as celestes a remontar, pero nesta ocasión, Bosco conseguiu manter a vantaxe.

Estudiantes volveu comprobar que ao seu mellor nivel pode mirar a calquer equipo aos ollos, pero se non o están, sofren tamén en calquera pista.

San Ciprián xa é líder en solitario da Liga Galega cadete

OS DE MANOLO COBAS, OS ÚNICOS CON PLENO DE VICTORIAS, reciben na próxima xornada a Estudiantes, nun encontro no que de gañar poden asestar un golpe de autoridade máiusculo

B. CORUÑA		S. CIPRIÁN	
67		77	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
Gil		Antón	21
Díaz		Manu	
Navarrete		Diego	11
Dominguez		Miguel	4
Lozano		Manuel	1
Martínez		Carlos	6
Villanueva		Dani	
Varela		Mario	12
Lovera		Hugo	22
Gonta			
Pérez			
López			

“SUPIMOS REACCIONAR TRAS EL DESCANSO A UNA MALA PRIMERA PARTE PARA TERMINAR GANANDO EL ENCUENTRO CON UNA BUENA ACTITUD DEFENSIVA Y APORTANDO TODOS LOS JUGADORES” MANONO COBAS - San Ciprián

asestarían un golpe máiusculo.

Os de Manolo Cobas meteron presión a Estudiantes antes de xogar o derbi cunha vitoria na Coruña. Un triunfo moi traballado no que os mariñaos foron de máis a menos ao longo dos corenta minutos para poñer fin á resistencia herculina en Riazor.

O 18-18 co que finalizou o primeiro parcial xa era un aviso de que o encontro non sería un paseo triunfal, pero co 18-15 do segundo cuarto Basquet Coruña conseguiu ata chegar ao descanso con vantaxe no marcador, 36-33.

San Ciprián estivo a un bo nivel os primeiros vinte minutos, pero tivo proble-

mas para pechar o rebote e Basquet Coruña explotou para terminar a primeira parte por diante no marcador.

O lider da competición mellorou na segunda parte, pechou mellor o rebote e non concedeu segundas opcións a un rival que xogaba ao límite. Con todo a San Ciprián aínda lle quedaba un marcha máis, circulo o balón con criterio ata atopar posicións cómodas de tiro e penetrou o aro rival con decisión para tomar as rendas no marcador cun terceiro parcial de 14-23 co que puxeron rumbo fixo cara a unha vitoria que selaron con autoridade nos últimos dez minutos.

6

VICTORIAS

San Ciprián é o único equipo da competición que gañou os seis encontros disputados. Na próxima xornada chega a proba de fogo ante Estudiantes na Veiga

+13

SEGUNDA PARTE

Tras chegar ao descanso con 36-33 no marcador, San Ciprián pechou o rebote, moveu o balón e penetrou con decisión para remontar o encontro na Coruña

5

DÍAS PARA O DERBI

ante Estudiantes que, se non hai cambio, disputárase o próximo domingo a partir das 17:00 horas no Pavillón da Veiga, en San Ciprián



Hugo Cobas nun partido xogado na pista do Anexo

Maristas, ao completo, comprime a Liga

O MARCADOR FINAL non empañou o bo traballo realizado polo Estudiantes

MARISTAS		ESTUDIANTES	
70		66	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Leis		Lian	
Vázquez		Iria	
Deus		Celia	
Galán		Candela	
Riño		Enma	
Ruiz		María	
Andrade		Marta F.	
Alonso		Claudia	
Patino		Laura	
Catoira		Carla	
Núñez		Marta R.	
López			

“CADA VEZ ESTAMOS UN POCO MEJOR. TENEMOS QUE VALORAR EL BUEN TRABAJO QUE HACEMOS Y DEBEMOS SEGUIR POR ESTE CAMINO”

FERNÁN VARELA - Estudiantes Leyma



Claudia coa pelota na pintura ante a mirada de Marta

Maristas Coruña impúxose a Estudiantes e comprimiu ao máximo a Liga Galega cadete feminina, competición na que tan só Peleteiro se desmarca na primeira posición con pleno de vitorias. Pero do segundo, Maristas, ao sexto, Rosalía, tan só hai dúas vitorias de diferenza.

Estudiantes viaxou á Coruña para medirse a un dos mellores equipos da Liga, que contou neste encontro con todas as súas xogadoras logo de afrontar as primeiras citas con varias ausencias.

A posta en escena foi moi boa para as lucenses, que tomaron o mando no

marcador cun primeiro parcial de 18-23. Con todo, no segundo chegou un apagón propiciado polo acerto herculino que desencadeou nun segundo parcial de 26-10 co que Estudiantes chegou con menos 9 no marcador ao descanso.

O conxunto de Fernán Varela recuperou o pulso na segunda parte, asinando uns segundos vinte minutos moi bos nos

que tan só faltou a guinda do acerto, xa que en ataque atopáronse situacións cómodas de tiro e ata no último parcial Estudiantes chegou a mandar no marcador nun partido que se decidiu nos minutos finais polo acerto dun equipo e outro na finalización.

Estudiantes recibirá no Anexo na próxima xornada a un Rosalía que vén de gañar os dous últimos encontros disputados.

Ribadeo estrea a conta en Galega

TRAS UN ACCIDENTADO INICIO DE CURSO chegou a primeira vitoria

C. ÁRTABRA		RIBADEO	
45		62	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Gutierrez		Iker	28
J. de la Fuente		Anxo	4
P. de la Fuente		Cristian	15
Grela		Dario	10
López		Joaquín	2
Altamira		Dani	
Couce		Simón	3
Pulpeiro			
Lage			
Morate			
Carro			
Fernández			

“DESPUÉS DE EMPEZAR LA TEMPORADA CON TANTOS CONTRATIEMPOS FÍSICOS, POR FIN LLEGA LA PRIMERA VICTORIA QUE TANTO SE MERECIA ESTE GRUPO DE JUGADORES” SAMA - Ria de Ribadeo



O Ria de Ribadeo celebra unha vitoria da fase de ascenso

Primeira vitoria na Liga Galega cadete para o Ria de Ribadeo. Un triunfo que se fixo de rogar en exceso nun inicio de tempada marcado polas lesións, que mermaron moito o potencial dos mariñaos. A Ferrol, Ribadeo foi sen o seu xogador máis determinante no xogo interior, Manu, lesionado a pasada xornada, pero os de Sama van sumando efectivos e ritmo de competición para recuperar a normalidade aos poucos.

Con ela chegou a primeira vitoria en Ferrol, nun partido moi serio en defensa dun Ribadeo que dominou ao longo dos

tres primeiros cuartos ata chegar aos últimos dez minutos co encontro visto para sentenza con máis 21 no electrónico.

Costa Ártabra resistiuse a baixar os brazos e loitou por cada balón ata o final dun partido no que Ribadeo sempre se sentiu e foi superior.

Culleredo visita Ribadeo a próxima xornada, nun duelo no que os de Sama poden dar un novo

28

PUNTOS DE IKER, que xa volve a encontrar a súa mellor versión tras deixar atrás os problemas físicos, igual que Cristian, que se foi ata os 15 puntos en Ferrol

salto na clasificación ante un rival que só gañou un encontro, tamén ante Costa Ártabra en Ferrol, pero dun só punto, 52-53.

Ensino proba o sabor do triunfo nun derbi capitalino

PRIMEIRA VITORIA ANTE ESTUDIANTES nunha Primeira División masculina tras un encontro cunha parte para cada equipo. Espectacular ambiente no Anexo

ESTUDIANTES		ENSINO	
55		64	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Andrés	5	Samuel	
Mikel	14	Durán	9
Simón	5	Ruano	16
Alvaro	9	Martínez	
Dani	15	Carrreira	10
Oscar	3	Garabito	8
Lucas	2	Juan Bao	6
Cristian	2	Alex Bao	5
Rafa		Joel	
Germán		Nacho	
Brais		Seny	10

O Ensino escribiu unha nova páxina na súa historia tras impoñerse por primeira vez a Estudiantes nun derbi masculino nunha Liga Galega. O ansiado encontro congregou a un gran número de afeccionados no Anexo, propiciando un ambiente espectacular que por momentos levou a pensar no peor ao aparecer a condensación que obrigou a suspender recentemente o derbi júnior.

O encontro púidose terminar e o derbi tivo todos os ingredientes que fan únicos este tipo de partidos.

Co Anexo ata a bandeira non faltou intensidade, emoción, remontada e ata a pizca de polémica que sempre acompaña ante tanta tensión.

A primeira parte foi para Estudiantes. Os de Javi Peinó xogaron menos atezados e tomaron as rendas do marcador impoñéndose nos dous primeiros parciais, 17-14 e 20-12 para chegar ao descanso cunha vantaxe de 11 puntos que parecía decantar o derbi.

Estudiantes xogou os primeiros vinte minutos con máis orde, atopou máis vías para anotar e aproveitou o exceso de



Manuel Durán a piques de finalizar unha xogada baixo o aro defendido polo base celeste, Dani Gómez

“NOS TOCA SEGUIR TRABAJANDO PARA PODER SER MÁIS CONSISTENTES EN NUESTRO JUEGO”

JAVI PEINÓ - Estudiantes

“UNA GRAN FIESTA PARA EL BALONCESTO LUCENSE Y UNA VICTORIA DE EQUIPO PARA NOSOTROS”

ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

motivación que lle imprimiu Ensino ao encontro.

Adrián González conseguiu no descanso o máis difícil, que o seu equipo se centrase no partido e que non baixase os brazos ante os once puntos que lles separaban no marcador.

Estudiantes non se borrou, pero, pese a xerar boas opcións de tiro. As porcentaxes de acerto foron baixas e con iso Ensino, que xogou mellor, creu na remontada.

O 7-18 do terceiro parcial fixo que se xogase un novo partido a tan só dez minutos do final con empate no marcador, 44-44.

Ensino continuou coa liña ascendente e foi

mellor no desenlace final, no que Garabito foi o xogador ao que menos lle afectou a presión, e con dous tiros libres deixou visto para sentenza o derbi, tras impoñerse Ensino por 11-20 nos últimos dez minutos.

Toda a tensión que se palpaba no ambiente terminou cun abrazo entre amigos e protagonistas. O baloncesto capitalino saíu reforzado do primeiro derbi que mediou a Estudiantes e Ensino nunha Liga Galega cadete masculina, no que Ensino probou o mel da vitoria por primeira vez.

+20

SEGUNDA PARTE para o Ensino, que chegou ao descanso 11 abaixo no marcador ante Estudiantes. O empate co que se chegou ao último cuarto, rompeuse cun parcial de 11-20

2

TIROS LIBRES GARABITO

Con máximos índices de presión os erros para un e outro equipo dende a liña de persoal tiveron fin con dous anotados por Garabito cos que puxo rumbo fixo á vitoria do Ensino no derbi



Seny recibe un balón ante os celestes Alvaro e Rafa

A consistencia defensiva ao longo do partido guiou ás lucenses

ENSINO foi regular e fiable os corenta minutos en Vilagaría

GIRALDO		ENSINO	
49		64	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Millán	2	Enma	5
Del Río H.	2	Sabela	2
Del Río C.		Eva	25
Torre	17	Carla Paz	4
Pérez	7	Leyre	1
Jueguen	6	Lorena	
Otero Z.	5	Carolina	
Otero A.	2	Laura	2
Ferreiros	8	Carla G.	3
		Paula	22

“PARTIDO MUY SÓLIDO Y COMPETIDO DE NUESTRAS JUGADORAS. ESTA ES LA LÍNEA QUE DEBEMOS SEGUIR. ENHORA BUENA A LEYRE POR SU VUELTA A LAS PISTAS DESPUÉS DE SU LESIÓN”

DAVID MARTÍNEZ / AIGOR ROMO Cafés Candelas Ensino

O Cafés Candelas Ensino demostrou en Vilagaría que é capaz de corrixir erros, e ante Giraldo as lucenses asinaron o partido máis completo no que vai de tempada.

A volta de Leyre ás pistas xa era a mellor noticia antes de empezar o encontro, pero tralo salto inicial xa se puido comprobar que a solidez no xogo era a bandeira do Ensino neste partido.

Cun bo balance defensivo, intensas en defensa e pechando o rebote, as lucenses anotaron en rápidas transicións e non tardaron en tomar as primeiras vantaxes, pero Giraldo maquillou o marcador nas últimas posesións do primeiro parcial, 17-24.

Ensino subiu a liña no un para un e secou a Giraldo en ataque, nun segundo parcial no que se xogou con máis calma, máis pases, e chegouse ao descanso con máis 10 no marcador, 26-36.

O terceiro parcial foi de novo frenético, con intercambio de canastras tan só un triplo sobre a bucina fixo que Ensino perdeuse o parcial, 19-17. Con máis 8 chegouse aos últimos dez minutos, nos que Ensino dominou o rebote defensivo e puido saír á contra para manter e ampliar a vantaxe ata asinar unha ansiada e merecida vitoria por 15 puntos, 49-64.



O banquiño ensinista celebrando unha canastra



Alvaro tratando de taponar o lanzamento de Joel



Dani nun contraataque de Estudiantes seguido de Alex



Samuel Viño dando unha asistencia na zona herculina



Jorge lanzando a canastra ante dous rivais no Anexo

Maristas ao completo

CON TODOS OS XOGADORES APORTANDO EN DEFENSA e con catro en dobres díxitos de anotación, os lucenses foron imparables

MARISTAS	B. CORUÑA
92	42
Xogador	Xogador PTS.
Mauro 2	Nogueiras 10
Néstor 2	Requeiro 2
Miguel 12	Ferreiras 2
David 2	Pérez 2
Samuel V. 20	Moreno 2
Gabriel R. 9	Brandariz 2
Alexis 2	Souto 2
Jorge 2	Brozos 2
Julían 35	Dominguez 2
Yishak 2	Martin 2

"CUANDO APORTAN TODOS LOS JUGADORES EN DISTINTAS FACETAS DEL JUEGO, EL NIVEL DEL EQUIPO SUBE"

RUBÉN ENGROBA - Maristas

ñerse a Basquet Coruña cun partido moi completo no que apenas deron opcións aos herculinos.

Os 31 puntos do primeiro cuarto xa eran un presaxio de que os de Rubén Engroba tiñan o día. Correron rápido e ben

à contra, foron solidarios e atoparon máis vías do habitual para que a anotación fose máis repartida entre todos os xogadores.

Basquet Coruña acusou as ausencias coas que se presentou no Anexo, e Maristas, aínda que perdeu un pouco o control na recta final de segundo parcial, deixou o encontro visto para sentenza cun tripo de Samuel sobre a bucina ao final da primeira parte, que Maristas

pechou con 62 puntos.

No descanso Rubén Engroba incidiu nas perdas de balón e Maristas baixou o ritmo de xogo, minimizando iso pero tamén freando a anotación. Aínda así gañaron o terceiro parcial con 21-13 antes de pechar o marcador no último cuarto cunha gran aportación dos oito xogadores que participaron, anotando algunha canastra e con boa actitude defensiva.

Preto no marcador, pero lonxe do seu mellor nivel

BURELA TIVO OPCIÓNS DE VITORIA pese a non xogar con boas sensacións ao longo do encontro

CB BURELA	JUNQUERA
55	58
Xogadora	PTS.
Henar 4	Tarrio 2
Sara 33	Suárez 2
Zaida 2	Dominguez 2
Emma 2	C. Paz 2
Laura 3	P. Paz 2
Lucía 3	López 2
Cecilia 11	Noya 2
Sabela 4	Falcón 2
Paula 2	Alvarez 2

"A PESAR DEL MARCADOR NUNCA ESTUVIMOS EN EL PARTIDO, FALTÓ CONCENTRACIÓN E INTENSIDAD, ALGO QUE NO PUEDES PERMITIRTE EN ESTA LIGA"

NACHO MOTA - CB Burela

son habituais e os malos presaxios confirmáronse co 27-25 ao descanso.

O Academia A Mariña Burela tivo un deses días nos que pese a intentalo e sacrificarse, non che saen as cousas. O esforzo mantivo ás de Nacho Mota con opcións de vitoria, pero foron demasiadas as lagoas como para terminar impoñéndose.

O partido empezou cun parcial inicial de 15-7, pero as sensacións non eran como

O terceiro parcial rematou con empate a 14, e no último Burela gañaba de tres a falta de tres minutos para o final, pero cando máis preto parecía a vitoria, as mariñás perderon a concentración defensiva, entráronlles as dúbidas e remataron cedendo ante un rival máis fiable na recta final.



Sara, autora de 33 puntos, nun partido en Vista Alegre

O líder invicto da Liga Galega infantil estivo contra as cordas no Anexo

ESTUDIANTES vendeu moi cara a derrota ante Obradoiro e demostrouse a si mesmo que pode optar a todo esta tempada



Serguei coa pelota entre dous rivais



O celeste Mario nunha acción de ataque

ESTUDIANTES	OBRAIDOIRO
62	63
Xogador	Xogador PTS.
Brais 5	Romero 5
Santi 17	Sánchez 17
Mateo 2	Vilaríño 2
Pi 5	Rivas 2
Dani 2	Viqueira 2
Pablo 2	Franco 2
Leo 2	Aldrey 2
Bernal 2	Dominguez 2
Rozas 2	Vilaso 2
Serguei 30	Castro 2
Mario 2	Mateo 2

nández demostráronse a si mesmos que poden gañarlle a calquera rival, ata ao gran dominador da competición ata a data, un Obradoiro que suma por vitorias os seus encontros, pero que nunca o pasou tan mal como no Anexo ante Estudiantes.

O 19-14 de parcial inicial deulle ánimo a Estudiantes, mentres que os segundos dez minutos disputáronse de poder a poder, 17-18 para chegar ao descanso con 36-32.

A presión a toda pista

"SALIÓ CRUZ EN UN PARTIDO MUY IGUALADO Y QUE ESPERO QUE NOS SIRVA PARA SEGUIR MEJORANDO. A PESAR DE LA DERROTA ESTOY CONTENTO POR COMO HEMOS COMPETIDO"

NICO FERNÁNDEZ - Estudiantes

dos composteláns propiciou a remontada visitante, pero Estudiantes chegou con opcións de vitoria e loitou por ela ata o último segundo malia quedarse ás portas.

Estudiantes gaña por insistencia

DÚAS PRÓRROGAS necesitaron as lucenses para impoñerse en Santiago

PELETEIRO	ESTUDIANTES
73	74
Xogadora	PTS.
Rodríguez 2	Laura 2
Trias 2	Iria 2
Boo 2	Ana 2
Vidal 2	Maria C. 2
Villarquide 2	Pau 2
Estraviz 2	Aroa 2
Gómez 2	Paula 2
Castro 2	Alma 2
Crecente 2	Ari 2
	Dani 2

"TRIUNFO SUFRIDO DESPUÉS DE DISPUTAR DOS PRÓRROGAS" ANGEL RIOBÓO - Estudiantes



A estudiantil Laura nun encontro xogado no Anexo

Máxima igualdade no encontro que mediu a Peleteiro con Estudiantes en Santiago de Compostela. Un partido que se alargou ata os cincuenta minutos de xogo tras dúas prórrogas para decidir o vencedor.

Ata entón as forzas estiveron igualadas desde os primeiros minutos entre dous equipos con potencial moi similar, e que loitan e loitarán de xeito conxunto por entrar no corte dos catro primeiros clasificados.

Con alternancias no marcador pero sen grandes vantaxes para unhas e outras, tras parciais de 19-21 e 14-10 na primeira parte, e de 12-15 e 16-15 na segunda, unha canastra

tripla a falta de tan só tres segundos para o final de Peleteiro enviaba o encontro á primeira prórroga.

O primeiro tempo extra rematou cun empate a seis puntos, polo que houbo que disputar outros cinco minutos nos que xa había ata nove xogadoras expulsadas por acumulación de faltas entre os dous equipos.

Ao final, Estudiantes tivo máis acerto desde o tiro libre e alzouse cunha vitoria que se resistiu cincuenta minutos.

50

MINUTOS DE PARTIDO
Tralos corenta do tempo regulamentario disputáronse dúas prórrogas para que Estudiantes puidese poñer fin a resistencia local

9

XOGADORAS EXPULSADAS
por acumulación de faltas entre ambos conxuntos, sendo os tiros libres unha das claves da vitoria lucense no treito final

A defensa guiou a Foz no derbi

OS MARIÑEOS métese no corte dos catro primeiros tras impoñerse ao Estudiantes no Anexo



Álvaro, o xogador máis decisivo de CB Celtas, defendido polo celeste Manuel Varela

ESTUDIANTES		CELTAS	
54		62	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Eloy	2	Nacho	2
Bosco	2	Álvaro	27
Pablo	2	Alonso	
Diego		Chris	
Martin	9	Nico	6
Lucas		Dario	5
Manu	5	Lucas	13
Iverson		Esteban	
Varela	9	Javi	9
Samu	11		
Uxio	16		

“SI NO SE METE, NO SE GANA”

PABLO RODRÍGUEZ - Estudiantes

“GRAN TRABAJO DEL EQUIPO EN DEFENSA, LO QUE NOS PERMITIÓ LLEGAR CON MÁS SOLTURA A NUESTROS ATAQUES”

ARMANDO - Celtas Foz

segundo aumentando a súa dureza defensiva con 13-9 para chegar ao descanso cun axustado 27-31 no marcador.

27

PUNTOS DE ÁLVARO

O director de orquestra de Celtas levou os tempos do partido e foi o máximo anotador do derbi Provincial

os mariñaos chegaron máis frescos física e mentalmente para alzarse co triunfo no Anexo.

O Celtas Gasoleos Eugenia levou o derbi disputado no Anexo de Lugo ante Estudiantes Leyma, nun partido dominado polos de Armando desde a defensa e cun Álvaro imparabile en ataque, ata terminar o encontro con 27 puntos.

Os mariñaos métese con esta vitoria no corte dos catro primeiros clasificados, demostrando que seguen mellorando co paso das xornadas. Neste encontro evidenciaron unha notable melloría na circulación de balón, propiciada en gran parte polas boas defensas, o que lles permitiu atacar tamén con máis orde.

Foz tomou o mando no electrónico no primeiro parcial cun 14-22, ante o que Estudiantes respondeu no



O mariñaos Esteban presionado por Lucas



A celeste Daniela coa pelota entre varias xogadoras de Academia A Mariña

Partidazo nunha oda ao baloncesto

ESTUDIANTES impúxose na prórroga tras remontar ao Burela nun espectacular derbi Provincial

ESTUDIANTES		CB BURELA	
61		60	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Carlota		Sara	3
Nerea		Laura	4
Lucía		Nerea	
Marina		Lucía Msd.	
Eva		Lucía L.	
Valle		Paula	
Lola		Marta	2
Daniela		Henar	22
Clara		Candela	29
Iria		Aroa	
		Irea	

“ESTOY SÚPER ORGULLOSA DEL TRABAJO DE MIS JUGADORAS TRAS ENFRENTARNOS A UN RIVAL TAN DURO. ENHORABUENA POR LA VICTORIA”

ZAIDA IGLESIAS - Estudiantes

“FUE UNA PENA NO HABER REMATADO EL PARTIDO CUANDO TUVIMOS LA OCASIÓN PERO ESTOY MUY CONTENTO Y ORGULLOSO DE LAS NIÑAS”

CARLOS MADAR - CB Burela

O conxunto capitalino reinou nun derbi no que o vencedor foi o baloncesto base lucense. Estudiantes e Burela disputaron un encontro dos que crean afección, cun xogo espectacular por parte de ambos conxuntos.

En todo partido hai gañador e perdedor, pero á marxe do que poida indicar o resultado final. Estudiantes e Burela saen vencedores deste encontro que tivo de todo: Emoción, intensidade, igualdade e que ademais, tívose que decidir no tempo extra.

Ata entón, Estudiantes empezou mellor e chegou a ter unha renda de oito puntos no ecuador

do segundo parcial, chegando ao descanso con 31-28.

Na segunda parte Candela e Henar propiciaron a remontada dun Burela que, a falta de catro minutos, contaba cunha vantaxe de oito puntos. Estudiantes, lonxe de baixar os brazos,

volveu igualar a contenda e forzou a prórroga.

Xa no tempo extra, a moeda caeu do lado celeste por un axustado parcial de 7-6, alzándose coa vitoria nun derbi Provincial do que os dous equipos saíron vencedores do Anexo.



Laura coa pelota defendida por Lucía



Javi coa pelota por diante de Pablo



Nacho mira o aro ante o celeste Eloy



Iria a piques de facer un pase ante Marta



Henar lanzando a canastra ante Iria



A celeste Carla defendida por Carmen



Nago adentrándose na pintura



Javi Maneiro nunha acción de 1x1



David trata de frear a contra de Martín



Carlota coa pelota por diante de Aroa



Javi Cerqueiro nun contraataque



O ribadese Iván entre Carlos e Nadia



Juan coa pelota defendido por Carlos



A ensinista Aroa presionada por Noa



O estudiantil Jacobo en labores defensivos



Héctor mira o aro entre Nadia, Teo e Néstor



Maristas e Ribadeo saudándose no Anexo

As celestes voaron no derbi capitalino

UN 23-3 DE SAÍDA desnivelou por completo o primeiro duelo co Ensino na Liga Galega mini

ESTUDIANTES		ENSINO	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Carlota	65	Marina	14
Sarai		Cadela D.	6
Nerea		Cayetana	3
Noa Espino		Sara	
Carmen		Celitia	
Marina		Alicia	5
Claudia R.		Aroa	2
Valle		Aurora	
Claudia L.		Antia	
Carla		Carmen	
Noa López			

“BUEN PARTIDO, SEGUIMOS TRABAJANDO, ESTE ES EL CAMINO”

ZAIDA IGLESIAS - Estudiantes

“UN PARTIDO PARA QUEDARSE CON LO BUENO Y SEGUIR TRABAJANDO”

AIGOR ROMO - Ensino Lugo

Estudiantes monopolizou o primeiro derbi no que se mide con Ensino nunha Primeira División mini. As celestes eran favoritas e plasmárono na pista desde os primeiros minutos cunha brillante posta en escena.

Un parcial inicial de 12-0 obrigou a Aigor Romo a pedir un tempo morto para intentar variar o rumbo do encontro, pero Estudiantes continuou cunha marcha máis

e pechou o primeiro sexto con 23-3.

Coa concentración por bandeira Estudiantes gañou o segundo parcial 22-4 ante un quinteto distinto de Ensino. Xa no terceiro, antes do descanso, vironse os minutos máis igualados do encontro, nos que Ensino cortou a sangría e deixou a Estudiantes en tan só oito puntos antes de pechar o marcador co definitivo 65-14 no cuarto parcial.



Os dous equipos saudándose ao remate do partido

8/7

O TERCEIRO PARCIAL do derbi feminino foi o máis igualado e Ensino incluso chegou a ter opcións de gañar estes oito minutos

MINIBASKET 1ª FEM. NORTE A	
RESULTADOS	
C. Artabra - Pontumio	69-19
Estudiantes - Ensino	65-14
CLASIFICACIONES	
Equipo	X G P NP PF PC
C. ARTABRA	4 4 0 0 296 143
ESTUDIANTES	4 3 1 0 244 96
BAXI Ferrol	4 2 2 0 189 233
ENSINO LUGO	4 1 3 0 134 215
PONTUMIO	4 0 4 0 75 250

PRÓXIMA XORNADA	
Estudiantes - Pontumio	
C. Artabra - Baxi Ferrol	

28

PUNTOS ALEJANDRO para o Ribadeo no derbi ante Maristas. lider invicto da Liga Galega minibasket

MINIBASKET 1ª MASC. NORTE A	
RESULTADOS	
B. Ferrol - Narón	61-71
Maristas - CB Ribadeo	131-86
Estudiantes - C. Artabra	53-58

CLASIFICACIONES	
Equipo	X G P NP PF PC
MARISTAS LUGO	5 5 0 0 516 276
CB. NARÓN	5 4 1 0 386 362
B. FERROL	5 3 2 0 329 360
C. ARTABRA	5 2 3 0 318 372
CB RÍA DE RIBADEO	5 1 4 0 374 449
ESTUDIANTES	5 0 5 0 310 414

PRÓXIMA XORNADA	
C. Artabra - Narón	
Estudiantes - CB Ribadeo	
Maristas - B. Ferrol	

Estudiantes pagou a posta en escena

E FOI A REMOLQUE o resto do encontro

ESTUDIANTES		C. ARTABRA	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Rubén	53	Rodríguez	58
Pablo		Amorin	
Javi M.		Porto	
Javi C.		Saavedra	
Nago		Santalla	
Nico		A. Rey	
Andrés		M. Rey	
Hugo		Paz	
Jacobo		Collazo	
Lucas		García	
Olimo			

“HAY QUE SABER CONTROLAR LA ANSIEDAD PARA JUGAR ESTE TIPO DE PARTIDOS TAN IGUALADOS”

JAVI PEINÓ - Estudiantes

O conxunto lucense estivo a piques de sumar a primeira vitoria da temporada en Ferrol, pero un mal primeiro cuarto condicionou aos de Javi Peinó, que a partir de aí tiveron que ir a remolque todo o encontro.

Os celestes conseguiron recortar distancias en varias fases do partido, incluso chegando a empatar a falta dun par de minutos para o final, pero a falta de acerto cara o aro e o dominio no rebote ofensivo de Costa Artabra provocou que, finalmente, o conxunto ferrolán se levara a vitoria do Anexo.

Ribadeo vendeu cara a derrota ante Maristas

DURANTE TODA A PRIMEIRA PARTE. Na segunda, o lider invicto impuxo o seu ritmo

MARISTAS		CB RIBADEO	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Juan A.	131	Simón	86
David		Héctor	4
Teo		Juan	11
Nadia		Iván	19
Maria C.		Martín	14
Mesfin		Alejandro	28
Jorge		Alexandre	4
Carlos		Hugo	3
Javi			
Néstor			
Guille			

“LOS ONCE JUGADORES ANOTARON PUNTOS, ASÍ ES MÁS DIFÍCIL DEFENDERLOS”

ÓSCAR ENGROBA - Maristas

“BUEN PARTIDO EN EL CUAL DURANTE GRAN PARTE DE ÉL PLANTAMOS CARA AL MEJOR EQUIPO DEL GRUPO”

SAMA - Ría de Ribadeo

No derbi provincial masculino disputado esta fin de semana, os de Engroba alzáronse coa quinta vitoria noutros tantos encontros tras superar a Ribadeo 131-86, nun partido no que os ataques se impuxeron ás defensas.

Conscientes de que se enfrontaban ao mellor equipo da categoría e de que sería difícil aguantar-lles o ritmo ao longo dos 48 minutos, mais contando só con tres rotacións, os mariñaos saíron a por todas de inicio e plantáronlle cara ao lider da competición durante os tres primeiros sextos.

Os dous primeiros foron para Maristas, 19-13 e 20-11, mentres que os de Sama leváronse o terceiro por 16-18 quedando un resultado de 55-42 ao descanso, con todo por decidir de cara á segunda

parte.

Tralo paso polos vestiarios Maristas incrementou o seu nivel en defensa para aproveitar así os contraataques. Isto, sumado ao baixón físico de CB Ribadeo tralo esforzo da primeira metade, disparou o marcador con dous parciais dunha anotación moi alta para os de Óscar Engroba, deixando o encontro sentenciado de cara ao último sexto, no que as forzas se igualaron ata o definitivo 131-86 co que rematou o encontro.

A próxima fin de semana CB Ribadeo visitará o Anexo para enfrontarse a Estudiantes nun novo derbi provincial. Maristas, pola súa banda, recibirá a Basket Ferrol, que vén de perder ante Baloncesto Narón.

Saneamientos levouse o triunfo ante Ensino

O CONXUNTO SARRIAO lidera a clasificación tras cinco xornadas e rompeu a xeira das capitalinas, invictas ata a data

INFANTIL 2º DIV. FEMININO 01						
RESULTADOS						
Ensino Galén - Pontumio	1-52					
Cidade - Agrasar Sarria	50-34					
Ensino 06 - Stos. Sarria	29-58					
Baxi Ferrol R - CB Viveiro	52-67					
KFC BBKA - Franciscanos	38-41					
CLASIFICACIÓNS						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
STOS. SARRIA	5	4	1	0	298	168
PONTUMIO	4	4	0	0	228	68
BAXI FERROL S	4	4	0	0	251	129
ENSINO LUGO 06	4	3	1	0	266	180
FRANCISCANOS	5	2	3	0	218	307
KFC BBKA	5	2	3	0	258	277
CB VIVEIRO	5	2	3	0	205	283
CIDADE DE LUGO	4	2	2	0	187	204
BAXI FERROL R	5	1	4	0	271	324
AGRASAR SARRIA	4	1	3	0	140	205
ENSINO GALÉN	5	0	5	0	106	287
PRÓXIMA XORNADA						
Franciscanos - E. Galén						
CB Viveiro - KFC BBKA						
Stos. Sarria - Baxi Ferrol S						
Agrasar Sarria - Ensino 06						
Pontumio - Cidade Lugo						

tido máis que Pontumio e Baxi Ferrol S, que suman catro triunfos noutros tantos encontros.

Ensino 06 chegaba tamén invicto ao duelo no Anexo, pero perderon a súa condición tras caer 29-58. A próxima fin de semana tratarán de volver á senda do triunfo ante Castro Agrasar. Saneamientos Sarria, pola súa banda, recibirá no Novo Chanto a Baxi Ferrol S, nun duelo no que defenderán o liderado xa que, de caer, as ferrolás tomarían o relevo.

CB Viveiro e Franciscanos viaxaron esta pasada fin de semana a Ferrol e ambos conxuntos volveron a casa con cadansúa vitoria. As mariñas impuxéronse a Baxi R por 52-67, men-

Esta vitoria a domicilio mantén ao conxunto amarelo no máis alto da táboa, aínda que cun par-



A mini sarriá. Noa, avanza coa pelota defendida por Aroa

tres que a colexiais, pola súa banda, superaron a KFC BBKA nun igualado encontro, 38-41.

Cidade de Lugo sumou o seu segundo triunfo no que vai de temporada ante Castro Agrasar, 50-34, mentres que Ensino Galén caeu no Anexo fronte a Pontumio,

1

DUO EN O MÁIS ALTO

A próxima fin de semana enfrontaranse no Novo Chanto Saneamientos Sarria e Baxi Ferrol S. As sarriás están obrigadas a gañar se non queren perder o liderado da clasificación, que pasaría a ser das ferrolás



A sarriá Catalina coa pelota entre Carla, Ainoa e Aroa



Paula Mourelo avanza por diante de Maria, de Cidade



Fure aadentrándose na pintura ante a sarriá Lúa Rio



Rubén Engróba dando instrucións no banco de Sagrado



Julio, Viveiro, dando instrucións aos seus xogadores



O mariñaño Rubén ante Mesfin nun encontro no Anexo

Burela gañou o duelo máis igualado ante o Sagrado

77-76 NO MARCADOR FINAL tras un encontro igualado que os mariñaos gañaron no último minuto grazas a dous accións de Álvaro Ben



Sarria e E. Galén contra a violencia de xénero | CB Sarria

O Sagrado Corazón chegaba a Vista Alegre cun balance de catro vitorias e unha derrota, mentres que o dos mariñaos era de 3-2. O encontro comezou con intercambio de canastas e cos capitalinos levándose o primeiro cuarto, 21-26, mentres que no segundo os de Manolo Cobas conseguiron darlle a volta ao marcador para chegar con vantaxe ao descanso, 39-34.

Con todo por decidir, a segunda metade comezou igual que o encontro e Sagrado conseguiu recortar distancias para chegarse ao último parcial coas espadas en alto, 54-53. Nos últimos dez minutos os de Engróba chegaron a poñerse por diante, 71-76, pero no último minuto Alvaro Ben vestiuse de heroe e anotou un triple e un dous máis un para darlle a volta ao mar-

INFANTIL 2º DIV. MASCULINO 01						
RESULTADOS						
M. Burela - Sagrado	77-76					
If Sarria - Ensino Galén	70-25					
Ría Ribadeo - Estudiantes	71-21					
CB Viveiro - Cidade	22-36					
MGR Sarria - Franciscanos	8-58					
CLASIFICACIÓNS						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
FRANCISCANOS	6	6	0	0	377	208
IF CB SARRIA	6	5	1	0	385	197
CB RÍA DE RIBADEO	6	5	1	0	351	185
MARIÑA BURELA	6	4	2	0	428	293
CIDADE DE LUGO	6	4	2	0	276	209
A. X. SAGRADO	6	4	2	0	361	172
CB VIVEIRO	6	1	5	0	145	310
ENSINO GALÉN	6	1	5	0	152	390
ESTUDIANTES	6	0	6	0	162	396
MGR CB SARRIA	6	0	6	0	96	373
PRÓXIMA XORNADA						
Sagrado - Franciscanos						
Cidade - MGR Sarria						
Estudiantes - CB Viveiro						
Ensino Galén - Ría de Ribadeo						
Mariña Burela - If Sarria						

parte alta da táboa. O líder, Franciscanos, pechou o marcador en Sarria ante MGR, 8-58. IF Podología sumou a quinta vitoria contra Ensino Galén 70-25, Cidade de Lugo volveu á senda da vitoria contra CB Viveiro, 22-36, mentres que CB Ribadeo levouse o duelo ante Estudiantes, 71-21 grazas á súa superioridade física, nun encontro que quedou practicamente visto para sentenza xa no primeiro cuarto.

6

PUNTOS

Alvaro Ben foi o heroe no encontro entre Burela e Sagrado. O mariñaño anotou un triple e unha acción de dous máis un no último minuto do encontro. Seis puntos que lle deron a volta ao marcador para que o seu equipo se levara finalmente a vitoria, 77-76

cadro. Sagrado tivo a última posesión para anotar, pero finalmente o triunfo quedouse en Burela, 77-76.

O resto de encontros da xornada finalizaron con triunfos dos equipos da

Ensino e Pontumio xogarán polo liderado a próxima xornada

UN DOS DOUS EQUIPOS perderá a súa condición de invicto no duelo que os medirá no Anexo. Ensino chega ao encontro no máis alto da táboa con 6 triunfos. Pontumio, segundo, conta cun partido menos

CADETE 2ª DIV. FEMININO

RESULTADOS	
Franciscanos - E. Galén	65-49
CB Viveiro - BBCA	41-55
Burela - Baxi Ferrol	Apr.
Estudiantes - Ensino Lugo	46-64
Pontumio - T. Molina	65-45

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ENSINO LUGO	6	6	0	0	350	209
PONTUMIO	5	5	0	0	311	188
BAXI FERROL	4	4	0	0	313	129
TIRSO DE MOLINA	6	2	4	0	272	307
ESTUDIANTES	5	3	2	0	316	245
KFC BBCA	5	3	2	0	230	244
LOURENZÁ	5	2	3	0	191	271
FRANCISCANOS	4	2	2	0	167	223
ENSINO GALEN	6	0	6	0	190	404
MARIÑA BURELA	4	1	3	0	192	220
CB VIVEIRO	5	0	5	0	235	327

PRÓXIMA XORNADA

Ensino Galén - Tirso Molina
 Ensino Lugo - Pontumio
 Baxi Ferrol - Lourenzá
 BBCA - Mariña Burela
 Franciscanos - CB Viveiro

Ensino Lugo e Pontumio chegarán ao duelo dende o primeiro e o

segundo posto e contando todos os seus partidos por vitorias, o mesmo que Baxi Ferrol, que aprazou o seu encontro desta fin de semana ante CB Burela. As ensinistas gañaron o derbi capitalino desta xornada contra Estudiantes, 46-64, mentres que Pontumio venceu na casa a Tirso de Molina 65-45.

No outro derbi lucense, Franciscanos sumou o seu segundo triunfo da temporada ao impoñerse a Galén Ensino por 65-49. As ensinistas aínda non coñecen a vitoria na competición, e na próxima xornada tratarán de estrear a conta de vitorias no Anexo ante Tirso de Molina.

CB Viveiro, que tam pouco coñece o triunfo,

caeu ante KFC BBCA e a próxima fin de semana enfrontarase a Franciscanos.

Lourenzá viviu a súa xornada de descanso e volverá á competición o vindeiro domingo ante Baxi Ferrol.

3

EQUIPOS INVICTOS

Baxi, Ensino e Pontumio manteñen a súa condición tras seis xornadas. A próxima fin de semana o duelo entre primeiro e segundo romperá a xeira dun deles



Lucía coa pelota nun contraataque seguida de Pilar



Clara, Ensino Galén, na pintura entre Miriam e Pilar



Paula trata de avanzar defendida por Celia



A ensinista Raquel coa pelota entre Lucía e Laura Redondo

Oral Design, novo líder da categoría tras superar a Sagrado, invicto ata a data



O celeste David Varela entre Hugo e Gonzalo, de Celtas



Diego Rosado correndo un contraataque ante Alvaro

OS DE ADRIÁN LÓPEZ impuxéronse no Novo Chanto grazas, sobre todo, a unha gran primeira metade, e soben á primeira praza

Tras seis xornadas disputadas a Liga Cadete Provincial xa coñece catro líderes. O primeiro foi Ensino 05. Na segunda xornada Ensino 04 tomou o mando ata a pasada fin de semana, na que Sagrado Corazón converteuse no líder invicto. Pero os de Engroba perde-

ron a súa condición e o primeiro posto esta xornada, tras caer no Novo Chanto ante Oral Design, que agora está no máis alto.

O conxunto dirixido por Adrián López superou aos capitalinos tras ser capaces de impoñer o seu ritmo ao longo de todo encontro, e

sobre todo cunha gran primeira parte na que, grazas á súa defensa presionante a toda pista e a unha gran circulación e ataque, chegaron ao descanso cun marcador de 47-24 que deixaba o encontro practicamente visto para sentenza. Na segunda metade as forzas igualáronse, pero Oral Design soubo vivir da súa renda para levarse definitivamente o encontro, 79-53, e tomar o mando na clasificación con catro vitorias e unha derrota.

O mesmo balance teñen Sagrado e Ensino 04, estes últimos sumaron o seu último triunfo ante Estudiantes 05, 91-57. Mentres que no outro partido da xornada, Estudiantes 04

CADETE 2ª DIV. MASCULINO 02

RESULTADOS

Ensino 04 - Estudiantes 05	91-57
Design Sarria - Sagrado	79-53
Estudiantes 04 - CB Celtas	79-42

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
DESIGN C.B. SARRIA	5	4	1	0	423	226
ENSINO LUGO 04	5	4	1	0	355	300
SAGRADO	5	4	1	0	346	301
ESTUDIANTES 04	5	3	2	0	306	317
ENSINO LUGO 05	5	2	3	0	300	347
ESTUDIANTES 05	5	1	4	0	314	380
CB CELTAS P02	6	0	6	0	282	455

PRÓXIMA XORNADA

Ensino 05 - Ensino 04
 Sagrado - Estudiantes 04
 Estudiantes 05 - Design Sarria

logrou a terceira vitoria da temporada tras impoñer a CB Celtas no Anexo 79-42.



Javi Cereijo trata de superar a Lucas ante Hugo

Triunfos para Ribadeo e Estudiantes

AMBOS EQUIPOS SUMARON unha nova vitoria en duelos Provinciais. Ensino caeu no Pazo dos Deportes ante Baxi

JÚNIOR 2ª DIV. FEMININO A2

RESULTADOS

Ria Ribadeo - Terra Chá	50-33
CB Sarria - Estudiantes	55-69
Ensino Lugo - Baxi Ferrol	39-54

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	FC
BAXI FERROL	6	6	0	0	410	217
CB RIA DE RIBADEO	6	5	1	0	341	248
ENSINO LUGO	6	3	3	0	354	281
ESTUDIANTES	6	3	3	0	357	349
DENTAL SARRIA	6	1	5	0	253	432
CB TERRA CHA	6	0	6	0	192	380

PRÓXIMA XORNADA

Terra Chá - Ensino Lugo
Baxi Ferrol - CB Sarria
Estudiantes - Ria Ribadeo

As mariñas suman o terceiro triunfo consecutivo tras impoñerse a Terra Chá na casa, nun partido no que todas as xogadoras disfrutaron de

minutos grazas a un gran inicio, marchándose de 12 puntos xa no primeiro cuarto, 18-6, con Fátima e Irene imparables baixo os taboleiros.

A partir de aí as de Jose Vázquez xogaron moi cómodas, e tralo 26-14 ao descanso o encontro rompeuse finalmente no terceiro cuarto, coincidindo cunha nova aparición do tandem Fátima-Irene, con 43 dos 50 puntos de Ribadeo ao final do encontro, que rematou co definitivo 50-33.

No partido que mediou a CB Sarria e Estudiantes, triunfo para as celestes, que pese a que non souberon adaptarse ao inicio do partido, no segundo cuarto si atoparon a súa



A ensinista Kris adentrándose na pintura no Pazo

mellor versión en defensa para poder correr contraataques e anotar con facilidade para chegar 23-37 ao descanso.

Tralo intermedio CB Sarria conseguiu acercarse no marcador e aos últimos dez minutos chegoouse con todo por decidir, 38-47, pero o maior

acerto cara o aro das celestes no último parcial deu-lles a terceira vitoria no campionato.

Ensino caeu no Pazo ante o líder, Baxi Ferrol, 39-54. As de Aigor Romo buscarán volver á senda da vitoria a próxima fin de semana en Vilalba contra Terra Chá.



Catuxa coa pelota nunha acción de ataque ensinista



Any mira o aro a piques de finalizar unha entrada



Carmen presionando un inicio de xogada de Baxi Ferrol

Carferlo Viveiro é o líder invicto da competición

TERCEIRO TRIUNFO noutros tantos encontros para o conxunto mariño, que superou ao Ensino. Hierros levouse a vitoria no Novo Chanto

O equipo dirixido por Sebas chega no máis alto da táboa ao ecuador da competición. CB Viveiro superou no Anexo a Ensino, nun encontro que comezou a disputarse na nova pista de adestramento do conxunto ensinista, pero que dada a condensación tivo que trasladarse mediado o primeiro cuarto.

Ata entón os mariños gañaban cun parcial de 14-2, e trala reanudación mantívose a tónica para rematar o primeiro cuarto dezaseis puntos arriba, 11-27. A partir de aí Viveiro sufriu unha desconexión e Ensino comezou a recortar distancias, 32-37 ao descanso, e incluso conseguiu darlle a volta ao marcador no terceiro cuarto, 44-42.

Foi entón cando Sebas solicitou un tempo morto



Os conxuntos de CB Sarria e Hierros posaron no Chanto contra a violencia de xénero

para reactivar aos seus, que volveron reengancharse ao partir para disputar os últimos 15 minutos ao seu mellor nivel e levarse o encontro 54-73.

No outro partido da xornada Hierros Ferreiro sumou un novo triunfo ao impoñerse a CB Sarria

no Novo Chanto, recuperándose así da derrota da pasada xornada en Viveiro.

Os de Óscar Engroba comezaron o encontro con boas sensacións, impoñéndose no primeiro cuarto 9-23 grazas a un bo porcentaxe anotador e á intensidade defensiva.

No segundo Hierros acusou un pouco a relación e non conseguiron romper de todo o partido, pero na segunda metade os de Engroba recuperaron a súa mellor versión en defensa para facer rápidos contraataques e irse no marcador ata o definitivo 45-108.

JÚNIOR 2ª DIV. MASCULINO

RESULTADOS

Ensino Lugo - CB Viveiro	54-73
MGR Sarria - H. Ferreiro	45-108

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	FC
CB VIVEIRO	3	3	0	0	203	170
CB RIA DE RIBADEO	3	2	1	0	239	118
HIERROS FERREIRO	3	2	1	0	244	154
MGR C.B. SARRIA	3	1	2	0	126	263
ENSINO LUGO	4	0	4	0	172	279

PRÓXIMA XORNADA

H. Ferreiro - Ria Ribadeo
CB Viveiro - MGR Sarria

33

PUNTOS DE JULIÁN

O xogador de Hierros Ferreiro foi o máximo anotador da categoría nesta xornada e axudou no triunfo do seu equipo con 33 puntos

4

XORNADAS DISPUTADAS

A Liga Júnior masculina provincial superará o ecuador da competición a próxima fin de semana



O sarriano Esteban nun encontro disputado na Friga

IV CROSS PONTE ROMANA

MARTA CASANOVA E JORGE BLANCO impuxéronse na cuarta edición desta consolidada proba, que contou coa colaboración da área de Deportes



Esta fin de semana celebrouse, na contorna do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, a cuarta edición da Cross Ponte Romana, na que a lucense Marta Casanova e o leonés Jorge Blanco impuxéronse nas súas respectivas categorías.

Os dous atletas, que xa subirán ao máis alto do podio na pasada edición, foron os primeiros en cruzar a liña de meta despois de percorrer os catro quilómetros das probas absolutas, dúas das quince categorías de participación que reuniron preto de mil atletas desde sub-10 ata master.

O deputado de Deportes, Efrén Castro, seguiu as probas e sumouse á emotiva homenaxe a Daniel Aguilar, un dos grandes impulsores do atletismo lucense e patriarca dunha gran familia de atletas encabezada por Alessandra Aguilar.

O Cross Ponte Romana, organizado por Champion Chip Norte e Escola Atlética Lucense, converteuse nunha referencia do campo a través a nivel estatal ao formar parte do circuito da Asociación Nacional de Organizadores de Crosses (ANOC) na que se encadran carreiras de prestixio internacional como a de Atapuerca ou a de San Sebastián.

A área de Deportes achegou 4.000 euros á organización da proba.

“O ATLETISMO SEMPRE FOI UNHA MARCA DA PROVINCIA DA LUGO E PROBAS ESPECTACULARES COMO ESTA, QUE REUNE PRETO DUN MILLEIRO DE PARTICIPANTES E QUE ESTÁ NUN CIRCUITO DE PRESTIXIO INTERNACIONAL COMO O DA ASOCIACIÓN DE ORGANIZADORES DE CROSSES, DEMOSTRAN QUE ESTÁ MOI VIVO. É O LEGADO DE PERSOAS COMO DANIEL AGUILAR, QUE FOI PIONEIRO NESTE DEPORTE, COMO SE RECOÑECEU NA HOMENAXE QUE RECIBIU NESTA EDICIÓN” EFRÉN CASTRO - Deputado Provincial Deportes

